

Falaban os salgueiros do seu río
cando as flautas e as liras penduraban
sendo vento o tempo en que soaban,
íntima agua do seu verde esguio.

A espesura das rocas é vacío,
o son do sangue é tempo en que se lavan
os nomes, que xa as cousas non lembraban.
Como cantar entón sobre outro río?

O son, a súa oquidade sobrevida
viaxa en corazóns cara á súa morte,
única senda sobre a senda aquela

onde houbo a palabra que hoxe sela
a lingua contra as fauces, que tan forte
siléncian a lembranza de outra vida.

Somos o doce fio que o silencio outorga
desde a súa imensidade solitaria
como réplica incesante do seu nome
impronunciado por orixe e por verdade.

As cores son aos ollos vermes de algo
descomposto para a vida diluir-se,
como un río, si, pero caíndo
en si mesmo, sempre, e retornando.

Resplandores do silencio son as sombras
onde afogan as ausencias dos seus gritos,
onde os ollos nada ven, nada se ouve.

Somos voces, moitas voces diferentes
a cantar o mesmo instante que se perde
no río en que se esquece todo nome.

Tinta do mar, escribo, cando toca
as escumas da letra e o seu son
obstinado de baixo contra a roca
da man a producí-lo en percusión.

Rítmico, o pensamento, o son mais leve,
cai goteando o tempo reincidente
ao muíño teimoso que recibe
a água azul-negra da memoria quente.

Así, tinta do mar, e logo nube
a pairar sobre os ciclos deste mundo.
Estrépito é o eco cando sube
da escura palabra en que me fundo.

E o mar, interminábel danza, borra
o nome escrito sen que o ritmo morra.

Escreber como quen elixe un día
en que a terra e o ceu sexan criados,
desde os seres aos nomes elevados
os fillos da vontade en que se cria.

E do ar pendurada esta ousadia,
escoltar os seus sons destemperados,
sucumbindo aos ritmos desviados
do infinito silencio en que dormía.

Como ás fauces daquel pai, cuxa comida
tiña nos fillos nutrición constante,
escapou o elixido en deus da vida,

así do tempo e o seu soar errante
escapa-me a palabra aquí elixida
a empurrar para fora deste instante.

Un páxaro voando cara ao lume,
tan só que canta a só a sua elexia
de sombra e violoncello, a voz afia
no grito vexetal que rompe o fume.

O ruído do mundo expresa o cume
da esforzada conciencia en melodía:
a noite é unha campá, eco do día,
e o vexetal silencio todo sume.

Porque as horas da ave que aletexa
son reflexos da luz cando latexa
como un corazón cegó que escorre,

só como ninguén, ergue un instante
o canto e o lamento, voz vibrante
modulada no lume, ali onde morre.

Basta esa música interior sentida
no mundo en que se investe o movemento,
danza-orixe do ser, convencimento
de vivir sen saber o que é a vida.

Cando a materia en ar se consolida,
elemental substancia, o pensamento,
adoración nouménica do vento,
samente o son, que late, ten saída.

E no sair danzando resplandece
estático, un instante, como un grito
resoando na boca que o entoa.

Resoando e fuxindo, pois merece
a inconstancia do lóstrego infinito
retornando á memoria que o ecoa.

O cego ollar da pedra é a razón
do seu silencio, cando o sol engole,
en vértigo instantáneo, a sua mole
e grita a evidencia da visión.

Da material pureza dese son
forma-se o canto, no que un verme pole a
té a desfeita luz da forma mole a
pedra dura en sangue, en corazón.

A sombra endurecida fai-se abismo
ao cantar sobre as bordas, como alzando
a oferenda até os límites da histéria

que descompon da pedra o paroxismo:
sangue de luz vira-se a forma cando
é a beleza a vida da matéria.

O tempo inventará a melodia
a destacar-se sobre a tela escura,
labor de oráculo, palabra pura,
tecendo e destecendo a mesma via.

E os poemas serán cantos dun día
dilatado en distancia e en altura
como a luz suspendida na espesura
deste nada orbital en que se cria.

Espellos que desfien nas imaxes
outra luz sobre as sombras extendida e
sperando o momento do reflexo.

Até entón e despois son as paisaxes
outra tela a cair na danza-vida
e o sentir dese tempo é o desexo.

Torre de sol en flor, un instrumento
para o sagrado son de ser o día:
a esfínxé danza e a memoria cria
na esperanza de ser dun día invento.

Pero o que vemos é só o pensamento
fixando-se na luz, no son, grafía
de si mesmo no mundo que recria
cando escribir e ser son só un intento.

Quen chegase até a porta que procura
porque exista ou se invente en cada paso,
e se vise a si mesmo na espesura

das imaxes que danzan para o ocaso
a escribir o seu ser en luz escura,
e a súa sombra ser luz para outro paso!

Gañar, perder, criar un simple soño
non é, nen a quen soña, cousa certa,
se quen soña a si mesmo non se soña
nen do seu propio soño se alimenta.

Nen vive quen non rompe ou recomeza
desde o mesmo xa, desde ese instante
aberto pola luz do medio-día
en que o centro de si mesmo en si se centra.

Se vivir é deambular, quebrar espacios
que só por ser distintos se superan
e en non recuperar-se se limitan

soñar, talvez, é até a ruptura dilatar-se
acrecentando e divagando a claridade
en que a luz na mesma luz se configura.

Luisa Villalta, *Música reservada*, Edicións do Castro, Sada, 1987.